

ACTA DA REUNIÓN DO XURADO dos Premios de Investigación en Saúde de Galicia (PISGa 2025)

Data: 04 de febreiro de 2026

Hora de inicio: 12:00 h

Hora de finalización: 12:30 h

Lugar: Salón- Edificio Novoa Santos. Santiago de Compostela.

Reúnese o **Xurado dos Premios de Investigación en Saúde de Galicia (PISGa 2025)**, constituído conforme ao disposto no artigo 16 da Resolución do 12 de novembro de 2025 pola que se aproban e se publican as bases reguladoras dos Premios de Investigación en Saúde (PISGa) para o ámbito de Galicia, no marco do proxecto **TRANSFIRESaúde** do Programa de Cooperación Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027 (código de procedemento SA304E), e a proposta de designación do Presidente da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS) con data 16 de xaneiro do 2026, coa seguinte composición:

COMPOSICIÓN DO XURADO

Presidencia:

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo, Xerente da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS).

Vogais:

- **Luz Couce Pico**, Directora Científica do IDIS.
- **Eva Poveda García**, Directora Científica do IIS Galicia Sur.
- **Alejandro De La Fuente Gonzalez**, da Unidade de Transferencia do INIBIC, en representación por delegación de **María del Mar Castellanos Rodrigo**, Directora Científica do INIBIC.

Secretaría (con voz pero sen voto):

D^a **Pilar Morgade Saavedra**, Directora da Área de Planificación e Promoción da Investigación Sanitaria da ACIS.

ORDE DO DÍA

1. Valoración e selección das candidaturas gañadoras do 1º e 2º premio de cada unha das modalidades de entre os finalistas seleccionadas polo Comité de Selección.
2. Rogos e preguntas.

DESENVOLVEMENTO DA REUNIÓN

1. Constitución do Xurado

Aberta a sesión pola Presidencia, a Secretaria dá conta da composición do Xurado e da súa adecuación ao establecido nas bases reguladoras da convocatoria.



Constátase a asistencia das persoas integrantes necesarias para a válida constitución do órgano sen que se realicen observacións á súa composición nin ao seu funcionamento.

2. Valoración das candidaturas finalistas

De conformidade co establecido no artigo 17 da convocatoria, nunha primeira fase o Comité de Selección procedeu á avaliación das solicitudes presentadas, resultando seleccionadas como finalistas cinco (5) candidaturas por cada modalidade de premio, que foron elevadas ao Xurado para a súa valoración final.

O Xurado deixa constancia expresa de que, con carácter previo, realizou unha **prevaloración inicial orientativa** na sesión celebrada o 29 de xaneiro de 2026, sen que nesa fase se adoptasen acordos nin decisións definitivas.

Así mesmo, faise constar que o Xurado **asistiu no acto público celebrado o día 4 de febreiro de 2026 á exposición, defensa e diálogo mantido con todas as candidaturas finalistas**, correspondentes ás distintas modalidades dos Premios, valorando de maneira conxunta tanto a documentación presentada como as intervencións realizadas polas persoas candidatas.

Unha vez concluídas as presentacións e diálogos cos finalistas, e tras a revisión e análise comparada das candidaturas finalistas de cada modalidade, o Xurado procedeu á deliberación e á selección das candidaturas gañadoras do **1º e 2º premio** en cada unha das modalidades convocadas.

Tras a deliberación correspondente, o Xurado acorda seleccionar as seguintes candidaturas como gañadoras:

Modalidade: PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN SANITARIA EN ATENCIÓN PRIMARIA

CANDIDATURA GAÑADORA	NOME DO PROXECTO/ ACRÓNIMO	LÍÑA DE INVESTIGACIÓN	AUTOR/AUTORES
1º PREMIO	GRAVICAP	Metabolismo e Risco CardioVascular	Sergio Cinza Sanjurjo Daniel Rey Aldana Manuel Portela Romero Nerea Sánchez Varela
2º PREMIO	SIMOA	Estratificación biolóxica precoz do deterioro cognitivo en Atención Primaria mediante biomarcadores séricos ultrasensibles	Juan Sánchez Castro José María Prieto González Daniel Rey Aldana José Gómez Rial Roberto Carlos Agís Balboa Áurea Lara de Maia Santos Almeida Purificación Cacabelos Pérez Xiana Rodríguez Osorio Emilio Rodríguez Castro Javier López González



Tras a correspondente valoración e deliberación, o Xurado acorda seleccionar as seguintes candidaturas como gañadoras:

Modalidade: TRAXECTORIAS EMERXENTES DE INVESTIGACIÓN EN SAÚDE

CANDIDATURA GAÑADORA	NOME CANDIDATO	LÍÑA DE INVESTIGACIÓN
1º PREMIO	Moscoso Rial, Alexis	Imaxe Molecular
2º PREMIO	Oviaño García, Marina	Investigación en Microbioloxía

3. Rogos e preguntas

Non se formulan rogos nin preguntas por parte das persoas asistentes.

E non habendo máis asuntos que tratar, **levántase a sesión ás 12:30 horas**, do que, como Secretaria do Xurado, estendo a presente acta, que se incorpora ao expediente para os efectos oportunos.

En Santiago de Compostela, a 04 de febreiro de 2026.

A Secretaria do Xurado



Pilar Morgade Saavedra

Vº e Prace
O Presidente do Xurado



Antonio Fernández-Campa García-Bernardo

